

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2017

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de agosto de 2017.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para reforma e cambio de uso de 1 local de oficina a 1 vivenda 1º B no edificio coa licenza urbanística 1117/2002, sito na avenida Vila Verde, número 30; para reforma e cambio de uso de 1 local de oficina a 1 vivenda 1º A no edificio coa licenza urbanística 1117/2002, sito na avenida Vila Verde, número 30; para construír un muro de contención de peche de parcela en Galegos, número 69, no núcleo rural tradicional de Lugo-Galegos (Santiago de Afora); e para construción dunha nave industrial de planta baixa e unha planta alta para almacén de materiais de construción na rúa Eleizegui López Antonio, número 7, vía E, parcela K.3.3, do parque empresarial As Gándaras.

Igualmente acórdase a excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para as seguintes actuacións: instalación de ascensor no edificio sito na rúa Dona Urraca, números 25-27, e instalación de ascensor no edificio sito na rúa Cornubia, número 8.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Educación e Infraestruturas urbanas para a adxudicación da contratación da prestación de actividades extraescolares (lote 1) e prestación dun servizo de



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoxg35

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

comedor escolar (almorzo e xantar) e apoio ao comedor (lote 2) levadas a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS do Concello de Lugo. Expte ref. 24-2017.

Así mesmo, acordase aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do alugamento de tres vivendas que contan con adaptacións técnicas para ser utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida, a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de contratación. Exp. 25-2017.

ÁREA DE GOBERNO DE CONCELLO E CIDADANÍA

3. INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN-PARTICIPACIÓN

CIDADÁ.- A Xunta de Goberno Local quedou enterada dos informes incluídos na acta correspondente ao mes de xuño 2017, presentados na xuntanza da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións celebrada o día 22 de xuño.

Tamén se acorda autorizar o traspaso dos postos número 32 e 33 da Praza de Abastos Municipal.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase declarar a urxencia da tramitación do expediente relativo á contratación da prestación de actividades extraescolares (lote 1) e prestación dun servizo de comedor escolar (almorzo e xantar) e apoio ao comedor (lote 2) levadas a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS do Concello de Lugo. Exp. ref. 24-2017.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.